

AS NOSAS COLECCIÓNNS

A colección da Biblioteca está orientada a ofrecer ferramentas para a formación, a información e o lecer de todo o público. Está constituída por diversos materiais: libros, publicacións periódicas, CD, DVD, BR, recursos electrónicos, libros electrónicos, música impresa, postais, carteis, etc. procedente de compras e doazóns, tanto de institucións públicas e privadas como de particulares.

Boa parte dos exemplares dos que dispoñemos están en acceso libre, é dicir, ao alcance directo do público. Estes organízanse por seccións, podendo solicitarse axuda no mostrador tanto para orientarse nelas como para consultar ou levar en préstamo algo que está no depósito, por exemplo.

Grazas á configuración da Rede de Bibliotecas de Galicia, á colección propia da Biblioteca súmanse as dos outros centros, cuxos materiais poden solicitarse a través do [servizo de préstamo](#) intrabibliotecario.

Como entidade dinámica e moderna que somos, a nosa colección está en constante crecemento e mellora. Animamos aos nosos usuarios e usuarias a que participen activamente na actualización do noso catálogo facéndonos chegar as súas peticións mediante unha [suxestión de compra](#).

As principais seccións nas que se organiza a colección son:

Depósito Legal

Como custodia del Depósito Legal (Decreto 43/2001, 1 de febrero, de refundición da normativa en materia de depósito legal), que obobriga a entregar un exemplar de cada material producido ou editado na biblioteca provincial correspondente, a nosa Biblioteca conserva a colección histórica das obras impresas na provincia da Coruña (libros, publicacións periódicas, carteis, folletos, etc.) desde o ano 1958. Está formada por materiais tanto para o público adulto como para o infantil.

Todos os documentos levan unha sinatura que comeza por DL (Depósito Legal) e a correspondente pegatina. Son de consulta en sala.

Hemeroteca

Sección de prensa e publicacións periódicas formada por:

- Prensa local e rexional
- Periódicos de distribución nacional
- Algúns títulos de xornais económicos
- Algúns títulos representativos da prensa estranxeira

Semanarios de información xeral, suplementos semanais, etc.

Revistas especializadas de todas as materias: literatura, arte, arquitectura, informática, deportes, cultura, natureza, ciencia, etc.

Revistas de temas locais e rexionais

As revistas que poden levarse en préstamo a domicilio están indicadas como prestables.

Na Hemeroteca, hai varios ordenadores para a consulta do catálogo da Biblioteca.

Fonoteca

Compartindo sala coa Hemeroteca, a Fonoteca reúne materiais de música, cine e documentais en diferentes estilos.

A sección de música está organizada por xéneros, cada un dos cales posúe unha sinatura propia:

Música pop-rock (FRP)

Música rock (FRO)

Música heavy metal e rock duro (FRH)

Música jazz (FJA)

Música blues, gospel, soul e country (FRB)

Música latina (FMS)

Música house e electrónica (FRH)

Músicas do mundo (FMU)

Música galega (FGA)

Música clásica (FCL)

Bandas sonoras, electrónica e incidental (FBS)

A sección de documentais e cine responde a unha organización temática, a saber:

Documentais e audiovisuais informativos (levan o número que se corresponde coa materia segundo a C.D.U., Clasificación Decimal Universal)

Cine de ciencia ficción e terror

Cine musical

Cine romántico

Cine erótico

Cine bélico

Cine histórico

Cine biográfico

Cine do Oeste

Cine político

Cine de acción

Cine cómico

Cine dramático

Cine de suspense

Cine relixioso

Cine de animación

Comicteca

A Comicteca é a sección dedicada á banda deseñada. Reúne obras de todos os xéneros (aventuras, novela gráfica, humor, fantasía, súper heroes, ciencia ficción, etc.). Ten unha presenza especial a banda deseñada galega, aínda que tamén temos cómics americanos, españois, europeos, hispanoamericanos e manga.

As bandas deseñadas están clasificadas segundo a súa orixe (CM - Banda deseñada manga, CE - Banda deseñada española, CG - Banda deseñada galega, CA - Banda deseñada americana, CU - Banda deseñada europea). Todas levan ademais un punto de cor que sinala a procedencia xeográfica da obra.

Sección Infantil e Xuvenil

Na Biblioteca, reservamos un espazo especial para o público infantil. Esta sala está destinada exclusivamente aos nenos, ás nenas e a quen os acompaña.

Na organización da colección, diferenciamos 2 zonas principais: a dos/-as máis pequeniños/-as (de 0 a 8 anos) e a dos/-as máis maiores (de 9 a 14 anos). Dentro da primeira, ademais, temos un recuncho reservado para os/as prelectores/-as (de 0 a 3 anos) con contos adaptados á súa idade.

Tamén contamos cun recuncho de nais e pais no que hai libros e revista sobre educación infantil e outros temas relacionados.

A colección infantil divídese por idades, identificadas con cores. A pegatina do libro leva a cor da idade para a que nos parece máis idóneo. Á parte diso, agrúpanse en centros temáticos para facilitar a escolla.

Azul: para nenos e nenas de 0 a 5 anos

Vermello: de 6 a 8 anos

Verde: de 9 a 11 anos

Amarelo: de 12 a 14 anos

Os libros informativos van clasificados con números que se corresponden coas diferentes materias, seguindo a C.D.U.

Os libros de ficción (novelas, contos, poesías...) identifícanse con letras:

N: narrativa

P: poesía

T: teatro

A narrativa (N), ademais, sepárase por xéneros: humor, terror, fantasía, aventuras, animais..., sinalados con iconas.

Na Sala Infantil e Xuvenil atópanse tamén documentos sonoros e audiovisuais:

Películas

Series

Audiovisuais informativos (documentais sobre natureza, saúde, Historia...)

Recursos electrónicos (programas, xogos, etc.)

Música para nenos/-as

Audiotextos

Literatura

Colección de obras literarias (novelas, poesía, teatro...) destinadas a adultos, así como textos de crítica literaria. Clasifícase en:

Narrativa (N), que se subdivide en 6 xéneros identificables mediante iconas:

Ciencia Ficción

Terror

Intriga e misterio

Histórica

Romántica

Fantástica

Poesía (P)

Teatro (T)

Biografías (B, BC -as colectivas-)

Outros Xéneros (O): ensaio, cartas, refráns, citas...

Galicia (G): obras literarias escritas ou traducidas (GN) ao galego

Biblioteca Accesible

Esta pequena colección de libros, audiovisuais e documentos electrónicos está dirixida a colectivos que precisan unha atención diferenciada. Forman parte dela:

Libros de lectura fácil. Libros elaborados con especial coidado para poder ser lidos e comprendidos por persoas que teñen dificultades lectoras e/ou de comprensión. O público ao que se dirixe é: persoas xordas de nacemento ou con xordeira precoz, con algunha discapacidade psíquica ou con outras doenzas como: dislexia, autismo, afasia... Tamén están indicados para inmigrantes recentes.

Libros en Letra Grande. Presentan un tamaño de letra máis grande do habitual, e diríxense a persoas maiores ou con dificultades de visión.

Audiolibros

Libros en formato CD ou DVD. Encamiñados a un público amplo: persoas con problemas de visión, maiores, inmigrantes, xente con pouco hábito de lectura, etc.

Recursos electrónicos. CD-ROM multimedia con xogos para persoas con algunha discapacidade cognitiva ou psíquica, así como para doenzas como: autismo, afasia, síndrome de Asperger, etc.

Libros informativos

Son documentos de non ficción clasificados pola C.D.U. con números do 0 ao 9.

Os números corresponde coas seguintes áreas temáticas xerais:

0 Xeneralidades

1 Filosofía, psicoloxía

2 Relixión

3 Ciencias sociais

5 Ciencias puras

6 Ciencias aplicadas

7 Arte

9 Xeografía e Historia

Fondos especiais

Ademais do seu notable fondo antigo (de acceso restrinxido), a Biblioteca conserva fondos de importantes personalidades da cultura galega contemporánea, tales como: Santiago Casares Quiroga, Francisco María de la Iglesia, Isidro Conde, Miguel González Garcés ou Mariano Tudela.

<https://bibliotecas.xunta.gal/coruna/gl/nosas-coleccions>